

**SOLICITUDE ANTICIPADA E ORDINARIA DE ADMISIÓN (PREINSCRICIÓN) EN  
 TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS EXISTENTES NAS TRES UNIVERSIDADES  
 DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALIGIA (SUG) PARA O CURSO 2011-2012  
 (CONVOCATORIA DE SETEMBRO)**

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), en virtude das competencias que ten atribuídas consonte o previsto na *Orde do 24 de marzo de 2011, (DOG do luns, 4 de abril de 2011), pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia para o curso 2011-2012*, resolve abrir o prazo de **solicitud e admisión ordinaria** en titulacóns con límite de prazas existentes no Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o vindeiro curso 2011-2012, conforme as seguintes

**BASES**

**1º QUEN PODE SOLICITAR E PRAZO**

**A) Solicitud Anticipada (do 1 ao 16 de setembro)**

- a) Alumnado do SUG e de fóra do SUG coa PAU aprobada en convocatorias anteriores e que non fixeron a solicitud de admisión na convocatoria de xuño.
- b) Titulados/as de Formación Profesional do SUG e de fóra do SUG que non fixeron a solicitud de admisión en xuño, agás os que se vaian a presentar a Fase Específica da PAU na convocatoria de setembro de 2011.
- c) Alumnado de Distritos Universitarios de fóra de Galicia e alumnado de países membros da Unión Europea que se presente á PAU na convocatoria de setembro do ano en curso.
- d) Alumnado de países membros da Unión Europea que reunindo os requisitos para acceder á universidade no seu país de orixe, desexe solicitar o acceso á universidade española mediante a Credencial expedida pola UNED.

**B) Solicitud Ordinaria (do 26 ao 28 de setembro)**

- a) Alumnado do SUG que aprobe a PAU na convocatoria de setembro de 2011, presente ou non reclamación ás cualificacións.
- b) Alumnado que coa finalidade de mellorar a súa cualificación, se presente á PAU no SUG na convocatoria de setembro de 2011, presente ou non reclamación ás cualificacións.
- c) Titulados/as de Formación Profesional do SUG e de fóra do SUG que se presenten á Fase Específica da PAU na convocatoria de setembro de 2011, aproben ou non e presenten ou non reclamación ás cualificacións.

**2º LUGAR E HORARIO**

Os estudantes realizarán os trámites administrativos do acceso a ensinanzas universitarias do **SUG** preferentemente **a través da aplicación informática Nerta** ([www.edu.xunta.es/nerta/alumnado](http://www.edu.xunta.es/nerta/alumnado)) ou nun dos Lerd (**Anexo I**) en horario de 9.00 a 14.00 h..

**3º DOCUMENTOS****Comúns para todos os/as solicitantes:**

- \* Fotocopia do DNI ou Pasaporte (no caso de estranxeiros).
- \* Solicitud de admisión debidamente cuberta.

**Específicos:****- Alumnado do SUG e de fóra do SUG que aprobase a PAU en convocatorias anteriores á actual:**

- \* Fotocopia da Tarxeta de Cualificación da PAU.
- \* O Alumnado con Probas de Madurez ou con Exame de Estado presentará certificación das súas notas do Bacharelato e das correspondentes á Proba de Acceso á Universidade.

**- Titulados/as do SUG de FP 2, Módulos Profesionais de Nivel 3 e de Ciclos Formativos de Grao Superior:**

- \* Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que se facilitará pola CiUG aos centros.
- \* Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

**- Titulados/as, de fóra de Galicia, de FP 2, Módulos Profesionais de Nivel 3 e de Ciclos Formativos de Grao Superior:**

- \* Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, para os estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.
- \* Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

**- Alumnado de Distritos Universitarios de fóra de Galicia e alumnado de países membros da Unión Europea que se presenten á PAU na convocatoria de setembro do ano en curso:**

- \* Fotocopia debidamente compulsada da Tarxeta de Cualificación de PAU.

**- Alumnado de países membros da Unión Europea que reunindo os requisitos para acceder á universidade no seu país de orixe, desexe solicitar o acceso á universidade española mediante a Credencial expedida pola UNED.**

- \* Credencial expedida pola UNED.

**NOTA IMPORTANTE**

**Alumnos/as con discapacidade:**

Ademais dos documentos comúns e específicos, os alumnos/as que desexen acollerse á cota de prazas reservada para este colectivo deberán presentar un Certificado expedido polo órgano competente da comunidade autónoma de procedencia do interesado ou interesada.

**Deportistas de Alto Nivel e Alto Rendemento:**

Ademais dos documentos comúns e específicos, os alumnos/as que desexen acollerse á cota de prazas reservada para este colectivo deberán presentar un *certificado de figurar na relación anual de Deportistas de Alto Nivel publicada no "Boletín Oficial del Estado" polo Consejo Superior de Deportes* (RD 1856/1995, do 17 de novembro - BOE do 14 de decembro), ou un *certificado de figurar na relación de Deportistas Galegos de Alto Nivel publicada no "Diario Oficial de Galicia" pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado* (Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro – DOG do 19 de xaneiro).

**4º REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN**

**4.1 Presentación da documentación:** de conformidade co disposto no *artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*, os **documentos que se dirixan a esta Comisión** poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) Nos Rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
- b) Nos Rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
- c) Nos rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
- d) Nas oficinas de correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
- e) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

**4.2 COMPULSAS OU COTEXO DE DOCUMENTOS EXPEDIDOS EN ESPAÑA:** só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:

- a) Rexistros relacionados no apartado 4.1.
- b) Unidade administrativa onde se tramita o expediente.
- c) Organismo español que expediu o documento.
- d) Notarios españois.
- e) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. Neste caso, requirirase a presentación do orixinal para a súa comprobación pola unidade administrativa que ten encomendada a súa tramitación. Tamén se requirirá a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsas ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

